

María Teresa Navaza

O pasado domingo, día 20, celebrouse en Santiago de Compostela a triste e sonora cerimonia de protesta do pobo galego contra a reconversión do sector naval e a política colonialista e de castigo que o PSOE, aliado á culpábel AP (¿ouviron Vostedes a voz do profesor Fraga Iribarne tronar no Parlamento Español a favor de Ascón ou do Astano?), está a exercer contra os traballadores galegos e contra Galicia enteira. Nunca na historia de Compostela tanta xente se congregara para reclamar uns dereitos políticos e sociais relativos ao conxunto da nación galega. As pancartas dos sindicalistas adornando a escalinata da fachada do Obradoiro incitaban a un exercicio de semioloxía diacrónica: Trento e marxismo, barroco e modernidade, inmovilidade señorial e dinamismo proletario. Mesmamente esta confrontación estaba aló, por toda a cidade: todo o que na nosa terra é noso, todo o que na nosa terra é novo, todo o que na nosa terra é laico, progresista, urbano, agrarista, democrático e galego, estaba manifestándose contra o que é vello, o que nos é alleo, contra a reacción confesional, a supervivencia franquista, a neoreacción socialdemócrata, o caciquismo e a escuridade rural, contra o poder de Madrid que nos esmaga e nos desprezia como nos esmagou e despreciu sempre. Bandeiras de futuro á sombra da fachada de Casas e Novoa; a clase obreira definitivamente fiel á súa condición galega reclamando a supervivencia das fábricas navais que no cerne histórico da Galicia moderna; Ferrol e Vigo —a temíbel alianza de 1972—, e o resto do pobo leal. Emocionante.

E agora, despois de evocar tanta beleza, e tanta tristeza, ¿cómo falar aquí de cousa por tal forma sórdida e pequena como é a televisión galega que os socialistas nos administran cada día en fórmula que combina, con descaro digno de Augusto Assia, a pobreza da forma estética e a mendacidade máis cínica nos contidos? Pro non hai máis remedio que falar do que di a televisión do señor Orestes Vara, aínda sabendo —como recentemente nos lembrou o poeta Xavier R. Baixeras— que a distinción entre fondo e

forma xa non é admisíbel no pensamento posterior a Sausure. Vaiamos, como dixera Goncalvo, “al meollo”, deixando fora a cortiza ou a tona ou a “fermosa cobertura” do Marqués de Santillana —e cito a Berceo e a don Iñigo coma ironía— por se alguén non o entende— que pretende atinxir a radical ignorancia dos nosos españoлисты “regionales”.

Na televisión “regional” de Santiago rexe unha consigna: a INTG non existe e hai que silenciala sempre que se amose a versión sindical do bipartidismo español —ou sexa, só “existen” a UGT e CC.OO.— ten que ser aplicada a Galicia: a televisión galega deformará, mentirá, manipulará todo canto sexa necesario ao obxecto de inducir, nos espectadores alleos ao movemento obreiro, a crencia de que a INTG é insignificante “e, nestes días”, que todo o movemento contra a reconversión naval está protagonizado por CC.OO. e dirixido polo PCE como parte da súa política para toda España. Os primeiros en non aceptar estas chafalladas son os dirixentes e os membros de CC.OO, cuxa alianza coa INTG é hoxe moi profunda e moi apreciada polas bases de ambas centrais e máis polos traballadores en xeral. Da mesma maneira que o NODO de Franco coñecía a arte de multiplicar por mil os asistentes a un acto oficial, a televisión de Orestes Vara (coido que se chama así o periodista sen curriculum que dirixe os telexornais...) practica cada día a arte de restar coa imaxe a presenza unida de INTG e CC.OO., e toda a xente con elas na rua. E isto por dúas razóns: na INTG está toda a esquerda nacionalista unida, e CC.OO. representa o sindicalismo, en todo o Estado Español (sic), que rexeita a política burguesa do Goberno. Se por separado son forzas sociais hostis que o señor Vara ten a obriga de combater, xuntas débennle de resultar abominabeis, coma o eran os espellos para Juana de Ibarbourou cando non quixo aceptar a súa vellez e a súa decadencia física.

Pro resulta que María Teresa Navaza, presentadora da televisión “regional” (sic, sic) nen siquiera leu na Praza do Hospital de Santiago, o domingo día 20, un comunicado da INTG e de CC.OO. Qué va: leu un comunicado

(coa belísima voz que todos os galegos asocian a un sorriso que é parte familiar xa da nosa vida codián) asinado polos partidos e sindicatos que integra a Plataforma de Defensa do Sector Naval. Un comunicado que suscribían forzas como Coalición Galega, do señor Gómez Franqueira, a quen non sería moi doado homologar con Jon Idógoras ou Fidel Castro. Pro, aínda que María Teresa Navaza lera na Praza do Obradoiro “O Estado e a Revolución” de Lenin ou unha antoloxía de “Espiral”, estaba no seu dereito. Todos, dentro da actual legalidade, temos dereito a falar e decir en público ou en privado o que queiramos; e isto é, probabelmente, a principal diferenca que existe entre o actual rexime político e o rexime fascista anterior. ¿Ou non?

O director da Televisión de Santiago coida que unha traballadora dese centro non pode, no seu tempo libre, executar actos contrarios á política do Goberno de Madrid. Rosa María Mateos, en troques, si que fixera moi ben en ler o comunicado final da manifestación en Madrid contra o golpismo de Milans des Bosch, Tejero e Cia. Quer dicir, que a liberdade de expresión, de reunión, de pensamento, e mesmo, de asociación, val para todos os cidadáns (digo súbditos) do Estado Español, excepto para os traballadores do centro “regional” de televisión española en Compostela. E María Teresa Navaza é sancionada coa pena de non saír na pantalla xa en outros tempos (ida UCD!) Cecilia fora retirada do ecrán por motivos ideolóxicos. Pro, como o castigo non era, en rigor, para María Teresa Navaza, senón para os centros de miles de galegos que simpatizaban cada día cordialmente co seu rosto, co seu aceno e coa súa palabra, choveron as protestas no despacho do señor Vara, que non tivo máis remedio que repór a presentadora no seu sitio, ou sexa dentro dos nosos fogares cada día.

Non o esquezas, amigo leitor: cando acendas o teu aparello de televisión e vexas ali a María Teresa Navaza, tes que lembrar que a súa imaxe é a imaxe da liberdade.

X.L. Méndez Ferrín

Voces de fusión y voces de confusión